

★ ★ ★ ★ ★

# CAMPAMENTOS de verán

DIVIRTETE  
E APRENDE

*Durante as vacacións de verán, no Ágora e no Fórum Metropolitano propoñemos para os nenos e as nenas da nosa cidade unha oferta variada de actividades de lecer (motrices, plásticas, musicais, teatrais, de expresión oral e escrita...) que teñen como principal obxectivo entreter e fomentar novas relacións persoais e de grupo, ademais do descubrir o contorno urbano máis próximo.*



~ ÁGORA | ~ FORUM  
METROPOLITANO

## 2018

## PARTICIPANTES

Poderán participar os nenos e nenas nados **entre 2006 e 2014**, agrupados por idades.

## DURACIÓN E HORARIO

**Quendas de 2 semanas, de luns a venres, de 10.00 a 14.00 h.**

As familias que o desexen poderán solicitar, no momento da preinscrición, a **ampliación de horario** de 9.00 a 10.00 h. Realizarase unha pequena pausa de 11.45 a 12.00 h para tomar un almuerzo, que traerá cada participante. O último día da quenda do campamento, o horario prolongarase até as 17.00 h para realizar unha xornada de convivencia na que cada participante **levará a súa comida**.

## QUENDAS E TEMÁTICAS POR CENTRO

1ª quenda: do 25 de xuño ao 6 de xullo

2ª quenda: do 9 de xullo ao 20 de xullo

3ª quenda: do 23 de xullo ao 3 de agosto

(o día 25 de xullo non teremos campamento)

4ª quenda: do 6 de agosto ao 17 de agosto

(o día 15 de agosto non teremos campamento)

5ª quenda: do 20 de agosto ao 31 de agosto

## COTA

35 euros por participante e quenda.

Ampliación de horario: 5 euros.

## CALENDARIO DE PREINSCRIPCIÓN E INSCRIPCIÓN

- **Preinscrición:** do 2 ao 4 de maio
- **Sorteo público:** 7 de maio ás 10.00 h, no centro correspondente.
- **Publicación de listaxes de admitidos/as e listaxes de agarda:** 9 de maio, nas distintas webs municipais de Cultura e no servizo telefónico 010.
- **Inscrición e aboamento:** do 9 ao 11 de maio (ambos incluídos). Caso de non se realizar o pagamento, quedará a praza vacante e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda.
- **Listaxes de agarda:** As persoas en listaxes de agarda terán preferencia en ocupar as prazas non aboadas. Terán preferencia aquelas persoas que non obtivesen ningunha praza e respectando a orde do sorteo. O día 15 de maio contactaremos a través dunha chamada telefónica só con aquelas persoas que estean nas listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nas quendas que solicitasen. Realizaranse tres intentos de contacto a diferentes horas; de non se conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda. Terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o día 16 de maio. Realizarase unha segunda volta de chamadas de listaxe de agarda coa mesma dinámica: o 21 de maio realizaranse as chamadas e procederase ao pagamento o 22 de maio. E una terceira rolda de chamadas o 24 de maio, para formalizalas o 25 de maio.

A partir do 28 de maio e despois deste proceso, o resto das prazas que poidan quedar vacantes serán ocupadas polo público en xeral, que deberá inscribirse e aboalas por orde de chegada, nos horarios indicados anteriormente.

## MODO DE PREINSCRIPCIÓN

**Pódense solicitar todas as quendas que se desexen**, por orde de preferencia.

Poderase realizar de 2 xeitos:

- **Presencial:** nas conserxarías do centro no que se desexe realizar o campamento, Ágora ou Fórum Metropolitano, de 9.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h.
- **Telemática:** a través da páxina web [www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura) Iniciarase o día 2 de maio a partir das 9.00 h e rematará o día 4 de maio ás 20.00 h. Todas as preinscricións telemáticas que teñan data de envío anterior ou posterior aos días e horas indicados non serán tramitadas.
- Na preinscrición presencial, adxudicaráselle directamente a cada solicitude un número para o sorteo. Na inscrición telemática adxudicarase o número de sorteo ao remate de cada unha das franxas horarias presenciais. Só se admitirá un tipo de preinscrición, ou presencial ou telemática. Caso de existiren dúas preinscricións anularanse ambas.
- As listaxes co número adxudicado na preinscrición telemática publicaranse o día 8 de maio. Nelas figurará o DNI da nai/pai/titor-a que realiza a preinscrición. Publicaranse na web municipal de Cultura e no servizo telefónico 010.

## ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

As prazas adxudicaranse a partir do núm. de preinscrición que saia agraciado no sorteo público. Tratarase de conceder cando menos unha quenda a todas as persoas solicitantes, antes de conceder unha segunda quenda. Se a primeira ou última praza lle corresponde a un neno ou nena cun irmán/á preinscrito/a consecutivamente, ambos os dous obterán praza. Unha vez consignada a cota, esta non se devolverá se non se cobre a praza con outra persoa solicitante. Reservarase o 10% das prazas de cada quenda, adxudicadas segundo o número de sorteo, para solicitantes con diversidade funcional en grao que lles permita participar nas actividades co grupo. Non se acometerán tarefas que requirán funcións médicas ou hixiénico-sanitarias. Caso de resultar maior a demanda deste tipo de prazas, Radio Ecca valorará individualmente a pertinencia de cada unha das solicitudes.

## TEMÁTICA DE CADA QUENDA

**QUENDA 1ª: "As viaxes extraordinarias"**

Os maravillosos mundos ideados por Julio Verne estante agardando, e ti es o protagonista. Todo un universo de acción, emoción e grandes descubrimentos ao teu alcance, no que agardan multitude de sorpresas e aventuras diferentes.

**QUENDA 2ª: "Trasnos e meigallos da nosa terra"**

A través dos personaxes mitolóxicos das nosas lendas e tradicións, gozaremos dun campamento cheo de maxia, onde imos descubrir e coñecer parte da nosa historia, dun xeito divertido e diferente.

**QUENDA 3ª: "A Coruña, cidade medieval"**

A nosa cidade ten un amplo percorrido histórico, e nesta ocasión imos determos na Idade Media para coñecer A Coruña nestes séculos a través do fiel reflexo dela que supón a Cidade Vella.

**QUENDA 4ª: "Aqueles maravillosos anos"**

Liberdade, natureza, cores, fraternidade, música... Ven pasar uns días naqueles maravillosos anos nos que o movemento hippie o impregnaba todo, baixo o lema ``paz e amor``.

**QUENDA 5ª: "As claves das aves"**

As aves que nos rodean son grandes descoñecidas. Descubriremos onde viven, como crían, a súa alimentación, as súas viaxes... E gozaremos de todas elas na nosa propia cidade ou nos seus arredores.



## CAMPAMENTOS URBANOS VERÁN DE 2018 - N° SORTEO

Centro (Ágora ou Fórum): .....

Nome do/a neno/a: .....

Apelidos: .....

Data de nacemento: .....

Domicilio: ..... CP: .....

Teléfonos: ...../.....

D./D.ª ....., con DNI\* .....,

en calidade de nai, pai ou representante legal do/a menor, SOLICITA as seguintes quendas, por orde de preferencia, dos Campamentos Urbanos de Verán de 2018:

Primeira OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_ Cuarta OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_

Segunda OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_ Quinta OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_

Terceira OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_

A Coruña, ..... de maio de 2018 (Sinatura) .....

SI ☐ NON ☐ Desexo a ampliación de horario de 9.00 a 10.00 h

(no caso afirmativo indicar a opción desexada)

## CAMPAMENTOS URBANOS VERÁN DE 2018 - N° SORTEO

Nome e apelidos do/a neno/a: .....

Solicitou: (Selo do centro)

Primeira OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_ Cuarta OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_

Segunda OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_ Quinta OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_

Terceira OPCIÓN: Quenda \_\_\_\_

# CAMPAMENTOS de Verán 2018

O/a solicitante posúe algunha alerxia alimentaria?

SI ☐ NON ☐ (En caso afirmativo, detalle o máximo posible o tipo de alerxia)

.....

.....

O/a solicitante padece algunha doenza que lle impida realizar actividades físicas

SI ☐ NON ☐ (Por favor, detalle o tipo de doenza)

.....

.....

O/a solicitante precisa algún tipo de atención específica individualizada

SI ☐ NON ☐ (Por favor, detalle o máximo posible)

.....

.....

O/a solicitante precisa atención médica específica (diabete, epilepsia, medicación...)

SI ☐ NON ☐ (Por favor, detalle o máximo posible)

.....

.....

Como lembranza da actividade, as nenas e nenos participantes levarán unha foto de grupo. Aplicando a Lei galega que regula a protección da infancia e da familia e a Lei de protección de datos, autorizánnos a que o/a menor saia na foto. E de igual xeito, en ocasións puntuais pode ser fotografado, entrevistado ou filmado para reportaxes e/ou artigos para ser publicados en xornais ou revistas de ámbito local ou nacional co obxectivo dunha divulgación educativa da actividade sen ningún tipo de fin comercial:

SI ☐ NON ☐

O último día de cada quenda de campamento terá lugar unha saída que fará que se prolongue o horario do campamento até as 17.00 h, logo da previa información do lugar e horarios dela (verbal o primeiro día do campamento na reunión inicial e por escrito ao longo del). O/a solicitante vai asistir á saída:

SI ☐ NON ☐

Outras cuestións que valoren que serán de interese para o/a educador/a, para unha mellor adaptación do seu fillo/a á actividade:

.....

.....

A entidade adxudicataria, Radio Ecça, queda obrigada a cumprir o que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



Lugar da Gramela, 17 - 15010 A Coruña  
forumocio@coruna.es - T.: 981 189 888



C/ Río Monelos - 15006 A Coruña  
forumocio@coruna.es - T.: 981 184 293